




Páxina onde o usuario ten un espazo (pizarra) para crear as súas propias composicións con gráficos e textos previamente inseridos polo autor; ademais de poder escribir os seus propios textos:

A fotosíntese



PESTANA "IMAXES"

Na pestana "Imaxes" hai unha táboa. Facemos dobre clic sobre a primeira fila para que se abra o navegador e introducir o primeiro dos gráficos. Fíxese que, nesta actividade, pode cargar máis dunha imaxe marcando os distintos arquivos, o programa incorporaraos automaticamente á táboa. Unha vez na táboa, unha mostra aparece no recadro da parte dereita (5). Unha vez introducidos todos os gráficos, podemos eliminar calquera deles sen máis que o seleccionar e usar o botón (1). Coas frechas verdes




(2) poderemos cambiar a orde de presentación dos gráficos no menú despregable.

Cun dos gráficos seleccionado, se usamos o botón (3) faremos que as dimensións do resto dos gráficos da táboa sexan iguais ás do gráfico seleccionado. Podemos cambiar o tamaño co que a imaxe aparecerá na pizarra da páxina web nos campos da parte inferior (4); aínda que non respectemos as proporcións Ardora axustará unha das dimensións para que a imaxe non se presente deformada.

Nesa mesma zona da pantalla, podemos usar a carpetilla debaixo de "*Miniatura*" (6) para introducir unha imaxe distinta que represente a orixinal, que se mostrará no recadro (7); se non o facemos, Ardora creará automaticamente a miniatura que se presentará no menú despregable para arrastrar á pizarra cando a páxina xa estea creada. Non esquecer pulsar no botón coa marca verde de aceptar (8) para gravar os cambios na táboa.


Na parte inferior esquerda da pantalla temos un panel cunha serie de botóns e frechas. Podemos facer que cando o usuario seleccione unha imaxe na páxina aparezan estes elementos arredor desta para que teña opción a certas accións sobre ela se marcamos as casas de verificación correspondentes (1); pola contra, o usuario só poderá mover as imaxes. Nos campos ao lado de cada icona podemos escribir o que fai para que cando o usuario sitúe o



punteiro do rato sobre un deles apareza unha etiqueta emerxente no navegador co texto. A función de cada un dos botóns pode verse no gráfico adxunto: eliminar (2), restaurar tamaño orixinal (3), rotar (4), aumentar transparencia (5), aumentar opacidade (6) e redimensionar (7).

Por último temos o recadro para axustar as opcións do menú despregable:

No campo (1) axustaremos as dimensións das miniaturas (o mesmo valor para ancho e alto); a casa (2) aplica sombra á barra e aos botóns; a casa (3) fai que a barra quede rodeada por



unha liña continua; co botón (4) elixiremos a cor de fondo da ventá do menú despregable; no campo (5) regúlase a transparencia do fondo da ventá despregada, a maior valor maior opacidade e a menor valor máis transparencia; no campo (6) podemos escribir o texto que queiramos que apareza na etiqueta emerxente que aparecerá cando o usuario sitúe o punteiro do rato sobre o botón.

PESTANA "TEXTO"

Á parte de poder inserir imaxes, podemos crear tamén os nosos propios textos para que o usuario poida arrastralos dende o menú despregable e introducilos na pizarra directamente, sen ter que crealos.

Comezaremos por escribir o texto na caixa de texto (1). Co botón (2) escollemos o tipo de fonte, no campo (3) o tamaño da mesma e co botón (4) a súa cor. A lista despregable (5) permítenos aplicar atributos como grossa ou outros á fonte. Coa lista despregable (6) elixiremos o tipo de aliñación do texto dentro do marco que o vai conter. Nos campos (7) e (8) axustaremos as dimensións do devandito marco. Marcando a



casa engadiremos un marco ao texto. Marcando a casa (10) faremos que a caixa de texto teña un fondo sólido (a caixa tapará os obxectos que haxa debaixo), co botón (11) elixiremos a cor dese fondo.

Unha vez configurado todo isto pulsaremos no botón verde (12) para gardar os cambios e o texto aparecerá inserido nunha das filas da táboa da esquerda. Como sempre, poderemos variar a orde de aparición dos textos no menú despregable usando as frechas verdes ou eliminar algún deles co botón vermello.


Na parte superior dereita da páxina, se marcamos a casa "Creación" (1) habilitaremos o usuario para que poida crear os seus propios textos e



os engadir á pizarra. Aparecerán unha serie de novos controis que configurarán o texto por defecto:

Co botón (2) elixiremos o tipo de fonte e co botón (3) a súa cor e no campo (6) o seu tamaño. A lista despregable (4) permítenos aplicar atributos como grosa ou outros á fonte. Coa lista despregable (5) elixiremos o tipo de aliñación do texto dentro do marco que o vai conter. Marcando a casa (7) faremos que o marco de texto quede rodeado por unha liña continua. Marcando a casa (8) faremos que a caixa de texto teña un fondo sólido (a caixa tapaná os obxectos que haxa debaixo) e co botón (9) elixiremos a cor dese fondo. Nos campos (10) axustaremos as dimensións do devandito marco.


Marcando a casa "Permitir teclado" (11) aparecerá unha icona á dereita do campo para escribir o texto para despregar un pequeno teclado que o usuario poderá usar para construír o texto a base de clics de rato:




Cando o usuario arrastre un texto á pizarra podemos habilitar, ao igual que cos gráficos, que ao seleccionalo aparecen unha serie de controis para poder modificalo en pantalla:

Na parte inferior esquerda da pantalla temos un panel cunha serie de botóns. Como no caso dos gráficos, marcaremos as casas de verificación correspondentes aos controis que queiramos que aparezan; pola contra, o usuario só poderá mover os textos.

Nos campos ao lado de cada icona podemos escribir o que fai para que cando o usuario sitúe o punteiro do rato sobre un deles apareza unha etiqueta emerxente no navegador co texto. A función de cada un dos botóns pode verse claramente no gráfico adxunto:



Para rematar, no




recadro "Menú despregable" configuraremos os elementos do menú que aparece ao pulsar nos botóns **T** e/ou **T**.

No campo (1) axustaremos o ancho máximo que terá a "miniatura do texto"; co botón (2) elixiremos o tipo de fonte para os textos do menú despregado, co (3) su tamaño e co (4) a súa cor. A casa (5) aplica sombra á barra e aos botóns; a casa (6) fai que a barra quede rodeada por unha liña continua; co botón (7) elixiremos a cor de fondo da ventá do menú despregable; no campo (8) regúlase a transparencia do fondo da ventá despregada, a maior valor maior opacidade e a menor valor máis transparencia; nos campos (6) e (10) podemos escribir o texto que queiramos que apareza na etiqueta emerxente que xurdirá cando o usuario sitúe o punteiro do rato sobre o botón correspondente **T** ou **T**.

PESTANA "FONDO/MENÚ GRÁFICO"


No recadro "Fondo" configuraremos o fondo da pizarra:



Se queremos incrustar unha imaxe de fondo, pulsaremos como sempre no botón (1) para buscala no noso equipo; co botón vermello (2) eliminiariámola. Unha vez inserida aparecerá a súa miniatura no recadro (3) e cos campos "Tamaño" (4) axustaremos as súas dimensións. Co botón (5) elixiremos unha cor de fondo para a páxina en caso de que non queiramos inserir ningunha imaxe de fondo; esta cor cubrirá as zonas da páxina que non sexan cubertas polo gráfico en caso de que este sexa menor que a resolución da pantalla do usuario ou que non cubra toda a pantalla.

Coa lista despregable (6) podemos escoller se queremos que a imaxe de fondo se sitúe na parte inferior central (bottom), no centro da páxina (center), na esquina superior esquerda (inherit), centrada na marxe esquerda (left), centrada na marxe dereita (right) ou na parte superior central (top). Así mesmo, coa lista despregable (7) podemos facer que a imaxe non se repita (non-repeat), que se repita ata ocupar toda a páxina (repeat), que se repita horizontalmente (repeat-x), ou que se repita verticalmente (repeat-y). Os espazos non cubertos por a/s imaxe/é veranse da cor de fondo que aparece no botón (5).

No recadro "Menú gráfico" configuraremos a barra que contén os botóns:



Co botón "Fonte" (1) escolleremos a cor das iconas que están dentro dos botóns e co botón "Col" a súa cor de fondo; estas cores inverteranse cando o usuario sitúe o punteiro do rato sobre os botóns. A casa (3) aplica sombra á barra e aos botóns e a casa (4) fai que a barra quede rodeada por unha liña continua.

Co botón (5) elixiremos a cor de fondo da barra e no campo (6) regúlase a súa transparencia, a maior valor maior opacidade e a menor valor máis transparencia. Coas casas (7) situaremos a barra na parte superior, inferior ou nos laterais da páxina. Finalmente, a casa (8) habilitará un botón máis na barra para que o usuario poida ampliar a actividade a pantalla completa e no campo (9) escribiremos o texto que aparecerá na etiqueta emerxente cando o usuario sitúe o punteiro do rato sobre o devandito botón.